


**CONCELLO DE  
SANTIAGO**

Concellaría de Cidade Histórica  
e Rehabilitación



**CONCELLO DE  
SANTIAGO**


Concellaría de Promoción  
Económica e Comercio

# iCompostela

*Compostela, futuro sen fíos*


Bases que rexerán a cesión de 50 routers wifi no marco do despregamento da rede Wimax na Cidade Histórica

1. Poderán participar na cesión de 50 routers wifi Compex WP54G Wireless 54Mbps XR™ todas as persoas titulares de establecementos comerciais da Cidade Histórica de Compostela.
2. As inscrición formalizaranse por escrito entregando o formulario que se achega no Rexistro Xeral do Concello ou a través do procedemento previsto no art. 38.4 da Lei 30/1992 do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.
3. A data límite para participar nesta convocatoria será o día 12 de decembro de 2008.
4. A cesión dos 50 routers farase por rigorosa orde de solicitude entre as persoas titulares de establecementos comerciais que cumpran todos os requisitos desta convocatoria. Coas persoas excluídas hase elaborar a correspondente lista de agarda ao obxecto de cubrir posíbeis baixas e renuncias.
5. A execución da cesión dos routers levarase a cabo pola empresa adxudicataria da xestión, mantemento e explotación da Rede Wimax da Cidade Histórica.
6. O prazo máximo para que as persoas adxudicatarias retiren o seu router remata o 30 de xaneiro de 2009.



**CONCELLO DE  
SANTIAGO**


Concellaría de Cidade Histórica  
e Rehabilitación



**CONCELLO DE  
SANTIAGO**


Concellaría de Promoción  
Económica e Comercio

7. As persoas adxudicatarias para poder retirar o seu router terán que:  
Acreditar seren titulares dun establecemento comercial no Casco Histórico.  
Asinar, coa empresa adxudicataria da xestión e explotación da Rede Wimax, un contrato de conexión a Internet Baudia Base (25 €/mes) por un período de 12 meses cunha cota de alta de 20 €. A baixa no servizo antes de rematar o período fixado implica a devolución do router.  
Asinar declaración responsábel pola que se comprometen á devolución do router unha vez concluída a súa relación contratual coa empresa que xestione a Rede Wimax.  
Os establecementos beneficiarios desta convocatoria deberán estar identificados cun distintivo que se achegará a empresa encargada da execución desta convocatoria e que deberán colocar no escaparate ou noutro lugar ben visíbel para o público.
8. É responsabilidade da persoa cesionaria a conservación, mantemento e reparación do router.
9. A participación nesta convocatoria implica a aceptación destas bases.
10. Segundo o establecido na LO 15/199 de protección de datos de carácter persoal, a persoa interesada queda informada e consente expresamente que os datos de carácter persoal que proporciona serán incorporados a un ficheiro para o seu tratamento automatizado relacionado cos fins exclusivos do obxecto desta convocatoria. Así mesmo, a persoa interesada poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición nos termos da referida Lei Orgánica.



**CONCELLO DE  
SANTIAGO**

Concellaría de Cidade Histórica  
e Rehabilitación



**CONCELLO DE  
SANTIAGO**

Concellaría de Promoción  
Económica e Comercio

# iCompostela

*Compostela, futuro sen fíos*

Titular \_\_\_\_\_,

DI \_\_\_\_\_, enderezo \_\_\_\_\_,

teléfono \_\_\_\_\_, correo electrónico \_\_\_\_\_

Fax \_\_\_\_\_

Nome comercial \_\_\_\_\_

Razón social \_\_\_\_\_

Enderezo establecemento \_\_\_\_\_

Solicito participar na convocatoria para a cesión de 50 routers wifi Compex WP54G Wireless 54Mbps XR™ e manifesto que coñezo e acepto as bases que rexen esta convocatoria.

Santiago de Compostela, \_\_\_\_, de \_\_\_\_\_ de 2008

Asdo.-